

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS MARIÑAS
CURSO: 2º BACHARELATO NOCTURNO
MATERIA: PSICOLOXÍA
DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA
DATA: 12.05.2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. A psicoloxía como ciencia	
B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación	<p>PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de referencia global da psicoloxía, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicoloxía ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.</p> <p>PSB1.1.2. Recoñece e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicoloxía desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes.</p>
B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc.	<p>PSB1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicoloxía: describir, explicar, predicir e modificar</p> <p>PSB1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicoloxía, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-deportivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental, etc.).</p> <p>PSB1.2.3. Describe e aprecia a utilidade das técnicas e das metodoloxías de investigación psicolóxica, explicando as características de cada unha, como son os métodos comprensivos (introspección, fenomenoloxía, hermenéutica, test, entrevista persoal, dinámica de grupos, etc.) e os seus obxectivos (observación, descrición, experimentación, explicación, estudos de casos, etc.).</p>
B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade. B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.	<p>PSB1.3.1. Explica e recoñece a importancia das achegas que a psicolóxica realizou na comprensión dos fenómenos humanos, identificando os problemas específicos dos que se ocupa e as conclusións achegadas.</p> <p>PSB1.3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.</p> <p>PSB1.3.3. Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicoloxía de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros</p>
Bloque 3. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento	
B3.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe	<p>PSB3.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc</p> <p>PSB3.1.2. Analiza e aprecia os resultados da aplicación das técnicas de condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual.</p> <p>PSB3.1.3. Describe e valora a importancia dos factores que inflúen na aprendizaxe, como por exemplo</p>

	os coñecementos previos adquiridos, as capacidades, a personalidade, os estilos cognitivos, a motivación, as actitudes e os valores.
B3.2. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de medición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana.	<p>PSB3.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas.</p> <p>PSB3.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.</p> <p>PSB3.2.3. Investiga, en páxinas de internet, o que é o CI e a escala de Stanford-Binet, que clasifica estes valores desde a deficiencia profunda ata a superdotación, apreciando a obxectividade real dos seus resultados e examinando criticamente algunhas técnicas de medición da intelixencia.</p> <p>PSB3.2.4. Analiza o que é o pensamento, apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións.</p>
B3.3. Recoñecer e valorar a importancia da intelixencia emocional no desenvolvemento psíquico da persoa.	PSB3 3.1. Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional.
Bloque 4. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade	
B4.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración	<p>PSB4.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións.</p> <p>PSB4.1.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre motivación e consecución de logros.</p>
B4.2. Comprender o que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento	<p>PSB4.2.1. Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana.</p> <p>PSB4.2.2. Recorre á súa iniciativa persoal para realizar unha presentación, a través de medios audiovisuais, sobre as fases do desenvolvemento da personalidade, por exemplo segundo a teoría psicanalista, e elaborar conclusións sobre os cambios que se producen en cada unha delas.</p> <p>PSB4.2.3. Analiza, valorando criticamente, as limitacións dalgúns métodos e estratexias para a avaliación da personalidade, como son as probas prolectivas (test de Rorschach, TAT)</p> <p>PSB4. 2.4. Indaga sobre a relación entre identidade e autoestima, valorando criticamente a importancia do concepto de si mesmo/a e as repercusións que iso ten no desenvolvemento persoal e vital</p>
B4.3. Entender e reflexionar sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.	<p>PSB4.3.1. Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas.</p> <p>PSB4.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, límite, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit</p>

	de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc.

Os bloques 2 e 5 non foron traballados na aula.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: As actividades lectivas deste terceiro trimestre están centradas na recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes que resultan imprescindibles para a progresión dos estudantes. A avaliación das actividades desenvolvidas nesta etapa será continua, diagnóstica, integradora e formativa para valorar os avances realizados e as demoras que se podan producir para planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias. Os procedementos de avaliación modifícanse para adaptarse aos cambios metodolóxicos realizadas durante este terceiro trimestre. A avaliación realizárase a partir das avaliacións anteriores e tomando en conta tamén as actividades desenvolvidas durante este período, sempre e cando esta situación beneficie ao alumnado. Incidimos para aqueles alumnos que non tiñan unha cualificación positiva no primeiro e segundo trimestre nas actividades de reforzo e recuperación
	Instrumentos: Estarán adaptados aos medios de comunicación utilizados para estar en contacto co alumnado. Se as autoridades sanitarias permitiran a recuperación das clases presenciais, serían utilizados os procedementos indicados na programación para este curso académico. Para o período onde a atención ao alumnado será mediante vía telemática utilizaranse coas actividades elaboradas e desenvolvidas por cada estudante e a nivel grupal de ser o caso, a observación directa da participación do alumnado e o seguimento do seu traballo entregado vía telemática.
Cualificación final	Nota media das aprendizaxes dos dous primeiros trimestres do curso e, sempre que beneficien ao alumnado, as actividades de ampliación desenvolvidos durante o estado de alarma. As actividades desenvolvidas durante este terceiro trimestre servirán para a recuperación dos trimestres non superados, no caso do alumnado que teña algunha avaliación suspensa, e, no caso dos estudantes que xa teñan aprobadas as dúas avaliacións anteriores, para mellorar a súa nota final ata un punto.
Proba extraordinaria de setembro	Aqueles alumnos que non obteñan unha cualificación positiva na convocatoria ordinaria (xuño) realizarán unha proba que comprenderá a totalidade dos obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe desenvolvidos durante a fase presencial do curso (ata o día 12 de marzo).
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non teño alumnado coa materia pendente
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Foron diferenciadas tomando en consideración a situación individual de cada estudante. O alumnado que non tiña superada algunha das avaliacións anteriores terá que realizar e entregar para a súa corrección as actividades de recuperación, repaso e reforzo indicadas polo profesor.</p> <p>Aqueles estudantes que teñan superado as dúas primeiras avaliacións terán á súa disposición actividades de ampliación baseadas nos contidos e estándares de aprendizaxe, competencias indispensables para que continúen o seu proceso formativo. Estas actividades de ampliación tamén poderán ser realizadas polo alumnado que teña que recuperar algunha avaliación anterior. As actividades de ampliación serán tidas en conta para a mellora na nota final desta materia.</p> <p>Aqueles alumnos que non realizaron ningunha proba durante o curso, terán que traballar integramente os contidos dados ata o 12 de marzo e dar conta deles.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Durante os primeiros días trala suspensión das clases identificouse ao alumnado con dificultades para a súa conectividade. Non existe en 2º de Bacharelato alumnado sen conectividade, que se saiba.</p> <p>Empregáronse correos electrónicos (comunicación individual) videoconferencias (planificación, explicación, resolución de dúbidas...) e teléfono.</p>
Materiais e recursos	Os materiais e recursos utilizados para esta materia para o 3º trimestre foron enviados vía telemática.

4. Información e publicidade		
Información alumnado e familias	ao e ás	Empregáronse as seguintes vías: mensaxe ó correo electrónico, chamada telefónica e videoconferencia. É un Bacharelato de adultos.
Publicidade		Publicación obrigatoria na páxina web do centro.